

PROTOCOLO ENTRE O INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA (IGAPE) E PEQUEÑOS Y MEDIANOS ASTILLEROS SOCIEDAD DE RECONVERSIÓN, S.A. (PYMAR) PARA A ELABORACIÓN DUN PLAN DE PROMOCIÓN E TRANSFORMACIÓN DO SECTOR NAVAL GALEGO

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral, Fernando Guldrís Iglesias do Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE), **DECLARA:**

Que este Ente ten previsto formalizar con PYMAR, o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o mesmo día da súa sinatura ata o cumprimento de 4 anos, podendo prorrogarse por un período de igual duración

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

O presente Protocolo ten por obxecto regular a colaboración das Partes na elaboración dun plan de promoción e transformación do sector naval galego (o “Plan”) a través do cal se proceda á procura e execución conxunta de cantas actuacións e proxectos as Partes consideren necesarios ou convenientes para apoiar ao sector naval galego, promover a súa actividade e propiciar a súa transformación. Detectar e desenvolver de forma conxunta as actuacións e proxectos que, en liña cos obxectivos do presente Protocolo, sexan identificadas e acordadas polas Partes no marco do Plan. As actuacións de concreción do Plan serán obxecto de desenvolvemento posterior polas Partes mediante a previa addenda ao presente protocolo.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundamentase no seguinte:

Que, entre as competencias e funcións do IGAPE atópase a promoción e dinamización económica e industrial da Comunidade Autónoma de Galicia que inclúe, entre outros sectores destacables, o da construción naval na rexión.

Que, Pymar é unha sociedade anónima que actúa como órgano de xestión do sector da construción naval privada española. Pymar está integrada polos principais estaleiros privados do país e entre os seus fins atópase a promoción de cantas actividades contribúan a defender e fomentar os intereses da construción naval privada española tanto no ámbito nacional como europeo.

Que, no marco das súas respectivas competencias e dada a forte vinculación de Galicia co sector naval, o IGAPE mantén unha estreita relación de colaboración institucional con Pymar, participando no Consello de Administración desta última mediante a proposta e designación dun dos seus membros, de conformidade co previsto nos estatutos sociais de Pymar.



Como consecuencia desta vinculación co sector naval, o IGAPE participa así mesmo no Fondo de Garantías Navais (" FGN"). O FGN atópase adscrito ao cumprimento dos fins propios do obxecto social de Pymar e o seu propósito é a prestación de fianzas, avais e garantías en beneficio dos estaleiros que sexan membros do mesmo e dos armadores que contraten con estes, e a favor de entidades de crédito ou financeiras, públicas ou privadas, os propios estaleiros membros do FGN e os armadores que contraten cos mesmos, de conformidade co regulado nas normas de funcionamento do FGN.

Que, IGAPE considera ao sector naval privado español e, especialmente, ao galego -entendendo por sector naval privado o conxunto de empresas dedicadas á construción, a reparación e a transformación de buques e outros artefactos flotantes, a súa industria auxiliar, así como os seus subministradores de equipos e servizos- como un sector produtivo estratéxico e prioritario para a economía de Galicia, polo que está interesada en seguir levando a cabo políticas públicas e actuacións para apoiar a actividade do devandito sector.

Que, Pymar considera como prioritario e estratéxico o sector naval en todo o territorio nacional e, particularmente, na comunidade autónoma galega, estimando necesario dar a este sector un novo impulso transformador a nivel institucional.

Que, para facer posible a transformación do sector antes mencionada, entre outras actuacións, Pymar está a liderar, xunto con Navantia e Siemens, un programa tractor de transformación do sector naval que aspira a converterse en PERTE do sector naval, isto é, nun Proxecto Estratéxico para a Recuperación e Transformación Económica de España que conte co apoio dos fondos Next Generation da Unión Europea, dos que se prevé que se poida beneficiar toda a cadea de valor do sector naval galego.

Que, ante a satisfactoria experiencia de colaboración entre ambas as Partes durante os últimos anos na defensa e protección do sector naval privado galego e co fin de reforzar e impulsar institucionalmente ao sector, as Partes desexan subscribir o presente protocolo para a elaboración dun plan de promoción e transformación do sector naval galego (o "Protocolo"), de conformidade co previsto nas seguintes os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, Santiago de Compostela,

O Director Xeral do IGAPE

